

ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 1 PARA A APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS PRESENTADOS POLAS EMPRESAS QUE TOMAN PARTE NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785)

Rematado o pasado día **21/03/2022**, ás 14.00 horas, o prazo de presentación das ofertas para tomar parte no procedemento de licitación *aberto simplificado abreviado* das obras de “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785) (Expte. contratación nº 4945/2022), financiadas pola Excm. Deputación Provincial con cargo ao Plan Concellos 2021, reúnese na oficina do Servizo de Contratación, o día **23 de marzo de 2023**, ás trece horas e corenta e nove minutos, a Unidade Técnica de Contratación, integrada polo Sr. alcalde, D Samuel Lago Ozón, o secretario municipal, D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, a interventora municipal, D^a Paula Cacabelos Otero e a funcionaria do Servizo de Contratación, D^a Mar Mondragón Treviño, actuando como secretaria da Unidade, co obxecto de proceder á apertura dos arquivos electrónicos das ofertas e á cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que se refiren os artigos 140 e 141 da LCSP e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten dito cumprimento.

Expte. Deputación: 2021015785	Expte. Subv.: 16/2021	Expte. Actuación preparatorias contratos: 1434/2021	Expte. Contratación: 4945/2022
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro PC2021 (2021015785)			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado abreviado.		Tramitación: Ordinaria.	Duración: 1 mes
Código CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado			
Prezo estimado: 57.104,11 €		IVE: 11.991,86 €	Orzamento base de licitación: 69.095,97 €
Aplicación	Proxecto de gasto	Retención n.º operación	Importe retido
1532.61907	2022/0011	2023/EP/000851	161.775,21 € dos que 69.095,97 € se corresponden co Lote 2

1º.- SILEX.- REXISTRO DE OFERTAS

Dáse conta das empresas que presentan ofertas a través da ferramenta SILEX e que se relacionan seguidamente:

Empresa	Data rexistro
1.- COVSA	17/03/2023, 13:29
2.- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. MARCONSA	20/03/2023, 18:18
3.- GALSUR PROYECTOS, S.L.U.	20/03/2023, 18:40
4.- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.	21/03/2023, 13:24
Código Seguro de Verificación:	 SLE45F44141648E49FDB44D5C772C5C3D2FB53F9



ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 1 PARA A APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS PRESENTADOS POLAS EMPRESAS QUE TOMAN PARTE NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785)

2º.- SILEX.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN: DECLARACIÓN E OFERTAS ECONÓMICAS.

2.1.- COMPROBACIÓN DA PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓN RESPONSABLES ANEXO I. Procédese seguidamente a comprobar no **SILEX**, a constancia das declaracións responsables (ANEXO I) presentadas polas empresas:

Nº	Empresa	Constancia Declaración
1	COVSA	SI
2	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.	SI
3	GALSUR PROYECTOS, S.L.U.	SI
4	MARCONSA, S.L.	SI

Quedan unidas as declaracións responsables ao expediente de contratación 4945/2022.

A **Unidade Técnica de Contratación**, por unanimidade, acorda admitir a todas as empresas reflectidas no cadro que antecede ao procedemento de contratación das obras de “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785).

2.2.- APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS.

Procédese seguidamente a transcribir as ofertas presentadas polas empresas que concorren ao procedemento e que se reflicte no cadro seguinte:

Nº	Empresa	Valor estimado	IVE	Orzamento base	Baixa	En proxecto 1 mes (30 días)	MELLORAS OFERTADAS:	
		57.104,11	11.991,86	69.095,97		Prezo s/IVE	IVE	Prezo c/IVE
1	COVSA	56.698,66	11.906,72	68.605,38	490,59	1 mes	SI	SI
2	ENRIQUE C. CASAS, S.L.	56.418,86	11.847,96	68.266,82	829,15	15 días naturais	SI	SI
3	GALSUR S.L.U.	56.247,55	11.811,99	68.059,54	1.036,43	15 días naturais	SI	SI
4	MARCONSA, S.L.	56.121,92	11.785,60	67.907,52	1.188,45	15 días naturais	SI	SI

OBSERVACIÓN:

1	A empresa COVSA non aporta o Diagrama de Gantt nin o gráfico de Pert, polo que de acordo co establecido nos Pregos non se valorará este criterio.
---	---





ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 1 PARA A APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS PRESENTADOS POLAS EMPRESAS QUE TOMAN PARTE NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785)

A Unidade Técnica de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que, pola arquitecta técnica municipal se emita informe relativo ao cálculo das proposicións incursas en presunción de anormalidade ou, no seu defecto, informe-proposta de adxudicación de acordo cos criterios e puntuacións establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo. Que, unha vez se dispoña do mencionado informe, se reúna novamente a Unidade Técnica de Contratación, co fin de adoptar os acordos que procedan.

Terceiro. Que se publique a presente Acta na Plataforma de Contratos de Galicia, na páxina Web e se dea traslado a tódalas empresas participantes no procedemento.

E non tendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión sendo as catorce horas e cincuenta e dous minutos, estendéndose a presente Acta, que asinan electronicamente o Presidente e Secretaria da Unidade Técnica de Contratación, no lugar e data indicados no encabezamento.

